PARLAMENTO DE GALICIA

[MVAG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 20 de decembro de 2024

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, o día 20 de decembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz
(Presidenta)
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de José Manuel Mato Díaz)
(Vicepresidente en funcións)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Victor Manuel Baladrón Lamas
(en substitución de Cristina Campero Dorado)
Enrique Barreiro Sánchez
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
Ángel Rodríguez Conde
Cecilia Vázquez Suárez
Miguel Ángel Viso Diéguez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Secundino Fernández Fernández
Ariadna Fernández González
Sonia Vidal Lamas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Lara Méndez López
María del Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Preguntante:
Paulo Ríos Santomé

Comparecentes:
Director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria
Directora xeral de Patrimonio Natural
Director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Letrada:
María Vicenta Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en primeiro lugar a pregunta doc. núm. 10730 (1.2).

Punto 1. Preguntas

1.1 10730 (12/POC-001827)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre o estado do paseo inclusivo promovido pola Xunta de Galicia en Río Caldo, Lobios, para persoas con problemas de mobilidade, o seu deseño final e os prazos para o remate da obra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f2, do 20.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** quen pasa a expoñer os motivos nos que basean as preguntas concretas que se formulan na iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente subliñado

A señora presidenta, logo de darlle a benvida á Comisión, concédelle a palabra á **directora xeral de Patrimonio Natural, (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático) María Sol Díaz Mouteira** quen, logo de agradecer a alteración da orde día e pedir desculpas por se houber ocasionado algún trastorno, procede a dar resposta ás inquedanzas formuladas.

En rolda de réplica, a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** agradece a información recibida sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate da iniciativa a **directora xeral de Patrimonio Natural,** completando a información facilitada na súa anterior intervención e desexando felices festas a todos.

A Presidencia agradece a colaboración da señora directora xeral cos traballos da Comisión e autorízaa a abandonar a sesión, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.2 8708 (12/POC-001561)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dun foro de colaboración e escoita do sector lácteo que teña por finalidade a busca de solucións ás distintas problemáticas do sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024

A **señora Méndez López, Lara (S)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria (Consellería de Medio Rural), Juan José Cerviño Varela.**

En rolda de réplica a **señora Méndez López, Lara (S)**, agradece a resposta recibida sobre a que expón novas consideracións.

O **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria**, pecha o debate desta iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención e respondendo deste xeito ás consideración plantexadas.

1.3 12008 (12/POC-001996)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 4 máis
Sobre a situación da produción ecolóxica no agro galego e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para o seu impulso
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

A **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** procede á defensa e formulación da súa iniciativa, ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para dar resposta a esta pregunta intervén, en nome da Xunta de Galicia, o **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria (Consellería de Medio Rural), Juan José Cerviño Varela.**

En rolda de réplica, a **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** comenta os datos aportados polo señor director xeral cos que non concorda e sobre os que expón novas consideracións.

PARLAMENTO DE GALICIA

Pecha o debate da iniciativa o **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria**, ampliando e reiterando a información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

1.4 14403 (12/POC-002270)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 8 máis
Sobre o adianto do aboamento das axudas da política agraria común (PAC) correspondentes a este ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024

A Presidencia concédelle a palabra o **señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P)**, que expón os motivos nos que se basea a formulación das cuestións concretas que figuran na iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, (Consellería do Medio Rural), Juan José Cerviño Varela**.

En rolda de réplica, o **señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P),** agradece a información recibida e comenta brevemente a mesma.

Pecha o debate desta iniciativa o **director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño Varela**, pecha o debate aportando máis datos sobre o tema obxecto da pregunta.

O señor presidente agradece a presenza da señor Cerviño Varela nesta sesión da e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

1.5 15047 (12/POC-002344)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Fernández Fernández, Secundino
Sobre a postura da Xunta de Galicia verbo da cesión ao Concello de Bueu do local da antiga Cámara Agraria e as previsións que ten sobre a materialización desta demanda histórica das sucesivas corporacións municipais da vila
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 127, do 04.12.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG**), que pasa a dar conta das razóns que motivaron a formulación desta iniciativa, expresándose en

PARLAMENTO DE GALICIA

termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (Consellería de Facenda e Administración Pública), José María Barreiro Díaz.**

Na rolda de réplica o **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG),** manifesta o seu desacordo coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e contestando ás novas consideracións formuladas.

A Presidencia agradece a presenza do señor Barreiro Díaz e deséxalle boas festas.

Non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta desexa bo Nadal a todos e agradece o asesoramento dos servizos da Cámara.

Remata a sesión ás 13:05 horas.

María Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.25 12:51:37 +01'00'

Y. e p.
María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2025.02.25 11:07:59 +01'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión